

## Informe sobre título habilitante e condicións exigibles á implantación de parques eólicos en solo rústico (Concello de Rodeiro – Expediente XCP-23/043)

### ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 24.06.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2023/1883025) oficio do Concello de Rodeiro no que solicita informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación coas condicións exigibles para a implantación de parques eólicos en solo rústico nos seguintes termos:

*"Proxéctase un parque eólico formado por varios aeroxeradores compostos por torre, rotor e aspas.*

*As instalacións do parque eólico inclúen a construción dun edificio destinado a subestación de enerxía onde se prevé a instalación dun transformador con instalacións e espazos anexos. Tamén se proxecta unha zona de provisión de materiais, no entorno da subestación, de uso temporal durante a fase de obras, e que será restaurada ao finalizar as mesmas.*

*Os aeroxeradores conéctanse electricamente mediante liñas subterráneas de media tensión coa subestación receptora do parque.*

*O proxecto inclúe tamén unha rede de vías ou camiños que permitan o acceso a todos e cada un dos aeroxeradores e que conecten o parque coas estradas do ámbito no que se implante.*

*Polo exposto [...] formulamos consulta en relación aos seguintes extremos:*

*Primeiro.- ¿Os parques eólicos resultan actos sometidos a título habilitante municipal (licenza)?.*

*Segundo.- ¿Resultan de aplicación aos parques eólicos as condicións xerais das "edificacións" no solo rústico, establecidas polo artigo 39 da LSG?.*

*Terceiro.- En caso de que resulten de aplicación, a condición 2ª) do apartado d) do artigo 39 exige de cumprimento de superficie mínima de parcela aos usos regulados polo artigo 35.1.m) (no que se inclúen as instalacións de produción e transporte de enerxía)?.*

*Cuarto.- ¿Debería entenderse que, ao non esixirse parcela mínima para estas instalacións, tampouco lle resultan esixibles as condicións de superficie máxima ocupada pola edificación [art. 39. d) condición 3ª)], recúes a lindes de parcela [art. 39. d) condición 5ª)], obriga de mantemento do estado natural do terreo na metade da superficie da parcela [art. 39. d) condición 7ª)] e obriga de inscrición no Rexistro da Propiedade da vinculación da superficie esixible a construción e uso autorizados [art. 39 e)], por estar directamente relacionados todas estas condicións co parámetro de parcela?."*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.



**SEGUNDA.-** O Concello de Rodeiro conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 02.03.2009, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 59, do 26.03.2009 e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 77, do 24.04.2009.

**TERCEIRA.-** A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, sinala no seu apartado primeiro que:

*"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras: [...]"*

*d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo".*

En consecuencia, ao solo rústico de Rodeiro aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).

**CUARTA.-** Antes de entrar a analizar as concretas cuestións formuladas, cómpre sinalar que a regulación do procedemento de outorgamento da autorización administrativa para a instalación de parques eólicos está contemplado nos artigos 27 a 41 da *Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia*.

O artigo 40.4 da dita lei exceptúa da obriga da aprobación dun proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial), aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos nos que a natureza do solo sexa compatible con este tipo de infraestruturas. Nestes casos, deberá achegarse, xunto coa documentación da solicitude da autorización administrativa, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial.

En todo caso, o feito de que exista un proxecto sectorial en tramitación determina a necesidade de que, unha vez emitido o correspondente certificado de compatibilidade nos termos previstos no artigo 40.4 antes citado, deberá procederse por parte do órgano substantivo na tramitación do expediente do proxecto de interese autonómico (antes proxecto sectorial) ao seu arquivo. Así, non cabe a existencia de dous procedementos simultáneos sobre o mesmo obxecto por atentar contra os principios de eficacia, simplicidade, transparencia, economía de medios e eficiencia na asignación de recursos públicos consagrados no artigo 3.1 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico da administración pública*.

Esta e outras cuestións relacionadas foron obxecto do informe emitido por este órgano consultivo o 30.05.2023 no expediente XCP 23/033, que pode consultarse na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**QUINTA.-** No que se refire á existencia de título habilitante municipal de natureza urbanística, concretamente de licenza municipal, para a implantación de parques eólicos, os artigos 142.2 da LSG e 351.1 do RLSG relacionan os actos suxeitos á obtención de licenza urbanística municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable.



Concretamente, a letra a) dos citados preceptos, somete a licenza urbanística municipal *“os actos de edificación e uso do solo e subsolo que, consonte á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación”*.

Pola súa banda, os artigos 142.3. da LSG e 360.2 do RLSG, establecen que todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que non estean suxeitos a licenza, quedan sometidos ao réxime de comunicación previa.

Á vista do exposto, o título habilitante de natureza urbanística esixible para a execución dun parque eólico dependerá do encaixe da actuación concreta prevista no réxime previsto nos artigos 142 da LSG e 362 do RLSG, cuestión que deberá analizar o concello no expediente de obtención de título habilitante, á vista da documentación obrante no mesmo.

Todo o antedito, sen prexuízo dos informes ou autorizacións sectoriais que puideran resultar esixibles en cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación.

**SEXTA.-** O concello consulta, en segundo termo, se a implantación de parques eólicos en solo rústico exige o cumprimento das condicións xerais de edificación enunciadas no artigo 39 da LSG.

O artigo 35.1.m) da LSG, contempla entre os usos e actividades admisibles no solo rústico, entre outros, as instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía, tanto públicas como privadas, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

A implantación de parques eólicos encádrase no artigo 35.1.m) citado e, en virtude do establecido no artigo 36.1 da LSG, constitúe un uso admisible en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, de ser o caso, previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Os artigos 39 da LSG e 59 e seguintes do RLSG dispoñen que para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das condicións xerais de edificación esixidas no solo rústico nos citados preceptos.

Polo tanto, a implantación de parques eólicos, como os demais usos enumerados no artigo 35.1 da LSG, sen prexuízo do que se indicará na consideración xurídica oitava deste informe, deberá cumprir as condicións xerais de edificación establecidas no artigo 39 da LSG e concordantes do seu regulamento.

En todo caso, segundo o artigo 40.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e, aos efectos do regulado no punto 1 do artigo 37 de la LSG, no solo rústico estará permitida a apertura de camiños rurais contidos nos proxectos eólicos e das súas infraestruturas de evacuación aprobados pola administración competente.

**SÉTIMA.-** No relativo á superficie mínima da parcela, o artigo 39.d).2ª) da LSG establece o seguinte:

*“2ª) A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados. O cumprimento deste requisito non resultará exixible para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo – terrestre.*

*Reglamentariamente poderá establecerse a exixencia dunha superficie mínima de parcela superior á prevista neste precepto cando así veña exixido pola natureza e as características dos usos de que se trate [...]”*.



Tal e como se apuntou na consideración xurídica anterior, a implantación de parques eólicos incardínase no artigo 35.1.m) da LSG polo que, en virtude da excepción contemplada no artigo 39.d).2ª) da LSG, no resulta exixible o cumprimento da condición de superficie mínima da parcela.

**OITAVA.-** Para concluír, o concello consulta sobre a esixibilidade das condicións enunciadas no artigo 39.d) da LSG que están directamente relacionadas coa superficie mínima da parcela, nomeadamente a da superficie máxima ocupada, recuamentos aos lindes da parcela, obriga de manter o estado natural do terreo e obriga de inscrición no Rexistro da Propiedade da vinculación da superficie exixible á construción e uso autorizados, que se pasan a analizar a continuación:

Así, no relativo á superficie máxima ocupada, o artigo 39.d).3ª da LSG establece que *"A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio ..."*.

O anexo I do RLSG define a ocupación como a *"porcentaxe máxima da parcela que pode ser ocupada pola edificación, en calquera das súas plantas sobre ou baixo rasante, incluídos os seus corpos volados, pechados ou abertos, referida á superficie neta da mesma"*.

Tendo en conta esta definición, enténdese que con carácter xeral este tipo de instalacións non computan para os efectos do parámetro da ocupación, agás que impliquen a execución de edificacións, como sucede no caso concreto no que, segundo os datos facilitados na consulta, o parque eólico comprende a construción dun edificio destinado a subestación de enerxía.

No que respecta aos recuamentos, o artigo 39.d).5ª da LSG dispón que *"Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros"*.

A esixencia de recuamento a lindeiros constitúe unha garantía da ordenación urbanística para a protección dos lindes en beneficio de terceiros, polo que se entende necesario o cumprimento desta condición tanto en relación ás edificacións que puideran executarse como no suposto de implantación dos aeroxeradores, aínda que non teñan propiamente a consideración de construcións.

En terceiro lugar, o artigo 39.d).7ª da LSG establece que *"manterase o estado natural dos terreos ou, alternativamente, introducirase a plantación de arboredo ou especies vexetais, en todo caso mediante solucións que impidan o selado do solo, en, cando menos, a metade da superficie non ocupada da parcela."*

*Xustificadamente e por razón da natureza e características da actividade, poderá reducirse a referida proporción no caso das infraestruturas e instalacións previstas na letra m) do artigo 35 desta lei e nos establecementos de acuicultura"*.

A instalación de aeroxeradores, de acordo co apuntado, non computa para os efectos do parámetro da ocupación máxima esixida no solo rústico; porén, a esixencia prevista anteriormente do mantemento do estado natural ou a plantación de arboredo ou especies vexetais na metade da superficie non ocupada da parcela, debe entenderse referida á metade da superficie da parcela non ocupada polas edificacións.

Esta proporción podería reducirse, xustificadamente, se ben lle corresponde ao concello valorar todas as circunstancias concorrentes con motivo do outorgamento do correspondente título habilitante municipal de natureza urbanística.

Por último, a obriga, recollida no artigo 39.e) da LSG, de facer constar no rexistro da propiedade *"a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica"* non resulta exixible nos supostos nos que non se require, como no caso concreto, unha superficie mínima de parcela.



## CONCLUSIÓN

- 1.-** A implantación de parques eólicos está suxeita á obtención de título habilitante municipal de natureza urbanística, de conformidade co establecido nos artigos 142 da LSG e 360 do RLSG, sen prexuízo dos informes ou autorizacións sectoriais que puideran resultar esixibles en cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación.
- 2.-** A implantación de parques eólicos constitúe un uso admisible en solo rústico previsto no artigo 35.1.m) da LSG que deberá cumprir as condicións xerais de edificación previstas no artigo 39 da LSG, sen prexuízo das excepcións previstas expresamente no dito artigo.
- 3.** O cumprimento do requisito de superficie mínima da parcela previsto no artigo 39.d).2ª da LSG non resultará exixible para a implantación de parques eólicos.
- 4.** Con carácter xeral, os parques eólicos non computan para os efectos do parámetro da ocupación contemplado no artigo 39.d).3ª da LSG, agás que impliquen a execución de edificacións.
- 5.** A implantación de parques eólicos deberá cumprir a condición de recuamento aos lindes prevista no artigo 39.d).5ª da LSG, por tratarse dunha garantía da ordenación urbanística para a protección dos lindes en beneficio de terceiros.
- 6.** A esixencia prevista no artigo 39.d).7ª da LSG do mantemento do estado natural ou a plantación de arboredo ou especies vexetais na metade da superficie non ocupada da parcela, debe entenderse referida á metade da superficie da parcela non ocupada polas edificacións.
- 7.** A obriga, recollida no artigo 39.e) da LSG, de facer constar no rexistro da propiedade "*a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica*" non resulta exixible á implantación de parques eólicos, que non requiren unha superficie mínima de parcela.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

